

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Educación Física	Curso / Ciclo	4ºESO
-------------------------	-------------------------	----------------------	--------------

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ªAV	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Condición Física e Saúde ✓ Xogos de carreira, salto e lanzamento
2ª AV	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Bádminton I ✓ Aerobic
3ªAV	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Voleibol II ✓ Orientación II

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Procedementos de avaliación:

1ªAV	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Exame teórico e/ou traballo sobre os contidos de condición física traballados. ✓ Probas prácticas: test de condición física.
2ªAV	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Exame teórico e/ou traballo sobre os contidos teóricos do bádminton, técnica, táctica e regulamento. ✓ Probas prácticas: circuíto con habilidades técnicas /Xogo adaptado aplicando técnica, táctica e regulamento do bádminton. ✓ Preparación e realización dun montaxe coreográfico individual ou grupal, con soporte musical de aerobic.
3ªAV	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Exame teórico e/ou traballo sobre os contidos teóricos do voleibol, técnica, táctica e regulamento. ✓ Probas prácticas: circuíto con habilidades técnicas/xogo adaptado aplicando técnica, táctica e regulamento do voleibol. ✓ Orientación: Realización de percorridos no centro con axuda de planos, rexistrando itinerarios e identificando simboloxía.

Criterios de cualificación:

Traballo activo nas clases	2 puntos		
Conceptos e Procedementos	8 puntos	Probas escritas/traballos	4 puntos
		Probas prácticas	4 puntos

Cada vez que apareza unha conduta negativa como non traer o material axeitado, falta de traballo ou esforzo... influirá no apartado de traballo activo nas clases.

O alumno suspenderá cando non realice algunha das probas da avaliación.

A valoración obtida mediante o seguimento dos instrumentos anteriores permitirá coñecer a **calificación do alumno/a en cada trimestre do curso**. Os alumnos e alumnas que teñan unha **Avaliación suspensa** deberán presentarse a unha proba teórica e práctica que puntuará 40%-60% teoría-práctica.

Tras rematar a Terceira Avaliación calcularase a **media aritmética entre as tres Avaliacións parciais**, de forma que os alumnos e alumnas que teñan unha **nota media de 5 ou superior terán superada a materia** e os alumnos e alumnas que teñan unha **media inferior a 5 deberán presentarse a unha Proba teórica e práctica** na convocatoria da Avaliación Ordinaria, que repasará os contidos traballados ao longo do curso.

- ✓ Exame teórico dos contidos de condición física e saúde e dos deportes traballados (apuntamentos na aula virtual de Edixgal).
- ✓ Exame práctico:
 - Test de condición física.
 - Deportes: circuíto de habilidades técnicas.
 - Montaxe coreográfica individual de aerobic.
 - Realización de percorridos no centro con axuda de planos.

Os alumnos **exentos da parte práctica** (mediante a certificación médica actualizada) terán que facer as probas escritas, un traballo sobre os contidos traballados nesa avaliación e un caderno de aula onde recollerán todo o feito polos seus compañeiros nas clases seguindo as pautas marcadas, preparación e explicación de algún contido concreto aos seus compañeiros, colaboración no desenvolvemento da clase, tarefas de arbitraje nos xogos...

Avaliación Ordinaria: O período entre a Terceira Avaliación e a Avaliación Ordinaria dedicarase a **actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría**. Neste tempo, prestarase **especial atención aos alumnos e alumnas que teñan a materia sen superar**, para eles deseñaranse **actividades de reforzo e recuperación** para que poidan **superar a materia**.